



Jorge Fernandes Alves e José Lima Torres  
**Douro e Leixões. A vida portuária sob o signo dos bilhetes postais**

Edições ASA, 2002

João J.R.T. Azevedo  
**Uma visita ao Concelho de Caminha com o bilhete postal ilustrado da primeira metade do século XX**

Câmara Municipal de Caminha, 2003



### Billetes postais portugueses.

L.R.

A publicación de libros de postais antigos é sempre unha festa para os amantes da arte da fotografía. Hoxe comentamos aquí dous libros portugueses que son arte eles mesmos pola calidade do seu contido gráfico e pola cuidada edición.



Ponte D. Luiz I. Porto

"**Douro e Leixões....**" é un percorrido desde Porto a Leixões que nos amosa a evolución destes portos a través dos postais.

Desfrutará o lector da visión dos barcos rabelos para o transporte do viño nos peiraos (cais) de Gaia, das enchentes do río e de fermosas vistas xerais da cidade de Porto. Descerá co río á foz e á barra cos enclaves pescadores cheos de barcos e vida mariñeira e ao incipiente turismo de comezos de século XX. Asistirá á xestación do grande porto comercial de Leixões. Unha viaxe excitante e plena de beleza.

"**Uma visita ao Concelho de Caminha com o bilhete postal ilustrado da primeira metade do século XX**" é un traballo magnificamente editado pola Câmara Municipal de Caminha no ano 2003.

Fai o libro un percurso polos lugares e freguesías do concello situando ao lector no espazo e no tempo e amosándolle a evolución urbanística, os monumentos e as tradicións que recollen as coleccións de postais que foron editadas. Achégase despois a aspectos concretos como as infraestruturas e mercados, o mar e a pesca e as celebracións relixiosas.

Caminha, Âncora, Moledo, Lanhelas, Vilar de Mouros...*masseiras, caícos, carochos*, vendedeiras de mexillóns... Impresiona a cantidade e a calidade do material fotográfico recollido e o tratamento informativo que o acompaña. Recomendamos ao público en xeral que busque este libro na súa próxima visita a Caminha e aos presidentes de cámaras municipais da Galiza que boten un ollo, que coa cultura sempre se aprende algo.



Mulheres de Moledo regressam da apanha do mexilhão. Cerca de 1905

